

**III. OUTRAS DISPOSICIÓNS****CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA**

*RESOLUCIÓN do 16 de febreiro de 2017, da Secretaría Xeral de Emprego, pola que se ordena o rexistro, o depósito e a publicación no Diario Oficial de Galicia do acordo de prórroga do convenio colectivo da empresa Nea F3 Ibérica, S.L.U.*

Visto o acordo suscrito pola comisión negociadora do convenio colectivo de Nea F3 Ibérica, S.L.U., con data do 23 de decembro de 2016, e de conformidade co disposto no artigo 90.2 e 3 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, e no Real decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios e acordos colectivos de traballo.

A Secretaría Xeral de Emprego

ACORDA:

Primeiro. Ordenar o seu rexistro e depósito no Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos de Traballo da Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo. Dispoñer a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2017

[www.cigservizos.org](http://www.cigservizos.org)

Covadonga Toca Carús  
Secretaria xeral de Emprego

**Acta de acordo da comisión negociadora do convenio colectivo de  
Nea F3 Ibérica, S.L.U.**

Vigo, 23 de decembro de 2016

Reunidos:

Por parte da empresa, Manuel Rivas Sabugueiro.

Pola representación dos/das traballadores/traballadoras Juan Miguel Varela de la Torre, Modesto Martínez Montes, José Juan Vázquez López, José Ventura Veira Mosquera, Fernando Barcia Pérez e Ángel Manuel Gallego Romero.



Expoñen:

Que, tras varias reunións entre as partes da comisión negociadora do convenio colectivo da empresa Nea F3 Ibérica, S.L.U. se chegou ao seguinte acordo definitivo:

Primeiro. Ambas as partes acordan prorrogar a vixencia do convenio colectivo do ano 2013 durante dous anos, contados desde o 1 de xaneiro de 2016 ata o 31 de decembro de 2017.

O convenio prorrogarase de ano en ano se non media denuncia expresa das partes con 3 meses de antelación. En caso de denuncia do convenio, este continuará vixente ata a súa substitución por un novo, con independencia do tempo que se prolongue a súa negociación.

Segundo. Ambas as partes acordan un incremento salarial do 1 por cento para todas as categorías dos conceptos salario base integrado, condición adquirida máis beneficiosa actualizable e condición adquirida máis beneficiosa non actualizable. O incremento durante o ano 2016 da condición adquirida máis beneficiosa non actualizable non implica a perda da súa condición non actualizable, e non obriga a empresa a realizar incrementos no devandito concepto en anos posteriores.

Establécese a seguinte táboa salarial:

| Categoría       | Salario base ano 2016 |
|-----------------|-----------------------|
| Grupo prof. 0   | 20.708,56 €           |
| Grupo prof. I   | 18.207,80 €           |
| Grupo prof. II' | 15.836,96 €           |
| Grupo prof. III | 15.113,48 €           |
| Grupo prof. IV  | 14.879,64 €           |
| Grupo prof. V   | 14.413,27 €           |
| Grupo prof. VI  | 14.174,74 €           |
| Grupo prof. VII | 13.972,74 €           |

Aqueles/as traballadores/as cuxos ingresos (salario base, condición persoal actualizable, condición persoal non actualizable e comisións) fosen iguais ou inferiores a 17.000 euros durante o ano 2015 (prestando servizos durante todo o ano 2015), terán un incremento dun 1 por cento adicional dos conceptos salario base, condición persoal actualizable e condición persoal non actualizable.

Este incremento adicional realizarase da seguinte forma: incrementarase un 1 por cento adicional a condición persoal non actualizable, e o importe equivalente ao incremento do



1 por cento adicional do salario base e da condición persoal actualizable reflectirase neste último concepto.

Terceiro. Ambas as partes acordan que a empresa aboará os atrasos devindicados pola sinatura do presente acordo aos/as traballadores/as coa mensuralidade do mes de setembro de 2016.

Cuarto. *Prima de obxectivos*

Se os obxectivos previstos pola empresa se cumpriron (alcanzar durante o exercicio 2016 un beneficio antes de impostos igual ou superior ao alcanzado durante o exercicio 2015), a empresa aboará a aqueles/as traballadores/as cuxos ingresos (salario base, condición persoal actualizable, condición persoal non actualizable e comisións) fosen superiores a 17.000 euros durante o ano 2015, nun único pagamento non consolidable, o equivalente ao 0,6 por cento do salario base integrado, condición adquirida máis beneficiosa actualizable e condición adquirida máis beneficiosa non actualizable.

A empresa aboará a prima por obxectivos coa nómina do mes de abril do ano 2017.

Quinto. *Data de aplicación das táboas salariais*

As táboas salariais recollidas no presente acordo aplicaranse a partir de setembro de 2016.

O que así subscriben as partes no lugar e na data arriba indicados.

